

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****RODEIRO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*ALZAMENTO PARCIAL DA SUSPENSIÓN DE TERMOS E INTERRUPCIÓN DE PRAZOS EN  
RELACIÓN A DETERMINADOS EXPEDIENTES DE LICITACIÓN E/OU CONTRATACIÓN  
PÚBLICA*

**ALZAMENTO PARCIAL DA SUSPENSIÓN DE TERMOS E INTERRUPCIÓN DE PRAZOS  
EN RELACIÓN A DETERMINADOS EXPEDIENTES DE LICITACIÓN E/OU CONTRATACIÓN  
PÚBLICA**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de abril do corrente, no exercicio da habilitación concedida no apartado cuarto da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14/03/20), adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Alzar parcialmente a suspensión de termos e a interrupción de prazos establecida pola Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14/03/20), en relación aos seguintes procedementos de contratación administrativa en trámite:

**A/ Fase de licitación**

DENOMINACIÓN DA OBRA	NÚM.
Construción dun edificio polivalente de uso asistencial - Fase III	PA-O 2/2020

**B/ Fase de adxudicación**

DENOMINACIÓN DA OBRA	NÚM.
Urbanización da praza de Oseira e envolvente	PA-O 1/2020

**C/ Fase de execución**

DENOMINACIÓN DA OBRA	NÚM.
Pavimentación no lugar de Laxas (Pedroso)	PAS-O 1/2019



Mércores, 29 de abril de 2020

Núm. 81

**Segundo.**- O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e terá como efectos a continuación dos trámites administrativos pendentes en cada un dos procedementos de licitación e/ou contratación.

**Terceiro.**- No suposto dos procedementos en fase de licitación non adxudicados, a súa entrada en vigor requirirá a previa publicación do presente acordo no perfil do contratante do Concello para cada un dos procedementos afectados.

Publícase para xeral coñecemento e aos efectos sinalados.

Rodeiro, a 27 de abril de 2020 (sinatura dixital).

O alcalde

*Luís López Diéguez*

